



CONCELLO DE REDONDELA

BASES PARA A SELECCIÓN DE 2 CAPATACES E 11 PEÓNS (2 POSTOS RESERVADOS PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL) PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS ESPAZOS PÚBLICOS NAS PRAIAS DO CONCELLO DURANTE O PERÍODO ESTIVAL.

#### PRIMEIRA-OBXECTO DA CONVOCATORIA:

O obxectivo da presente convocatoria é garantir unha adecuada prestación do servizo de limpeza dos espazos públicos nas praias do Concello e outras zonas de especial necesidade, polo que se considera conveniente e necesario reforzar o persoal adscrito a estas tarefas no Concello de Redondela, en réxime de contratación laboral, con carácter temporal, durante a tempada de verán e a xornada reducida, en horario variable e segundo as necesidades do Concello.

Polo tanto proponse a selección de:

**-2 capataces**, QUE DEBERÁN DE ESTAR EN POSESIÓN DE CARNÉ DE CONDUCIR CLASE B, polo período de catro meses e medio, cunha xornada de traballo de 20 horas semanais, en horario variable, de luns a domingos, segundo as necesidades do Concello e cos descansos que establece a lei, cunhas retribucións brutas mensuais de 992,25 euros/persoa (Soldo, complemento de destino, complemento específico e pro rata das pagas extras-Asimilado a un subgrupo C2 do concello).

As súas funcións son:

- Distribuír o traballo entre o persoal adscrito ao servizo de limpeza de praias.
- Controlar e supervisar ao persoal ao seu cargo nos traballos propios da súa especialidade de acordo coas instrucións recibidas dos/as seus/súas superiores xerárquicos/as.
- Cumprir e facer cumprir a normativa vixente en relación coa prevención de riscos laborais.
- Limpeza e recollida de residuos orgánicos e inorgánicos nas praias.
- Vixiar e controlar o bo estado do mobiliario público dando conta ao/á seu/súa responsable de calquera incidencia que poida existir.
- Realizar operacións de carga e descarga de material, cando procede.



CONCELLO DE REDONDELA

-Coidar do perfecto estado da maquinaria e ferramentas que se precisa para realizar o seu cometido.

-Realizar calquera outra función propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento do servizo adscrito.

**-11 peóns (2 postos reservados para persoas con diversidade funcional, igual ou superior ao 33% e compatible coas funcións a desenvolver segundo informe médico)**, polo período de catro meses e medio, cunha xornada de traballo de 20 horas semanais, en horario variable, de luns a domingos, segundo as necesidades do Concello e cos descansos que establece a lei, cunhas retribucións brutas mensuais de 857,24 euros/persoa (Soldo, complemento de destino, complemento específico e pro rata das pagas extras-Asimilado ao grupo equiparado á disposición adicional 6.<sup>a</sup>). As súas funcións son:

-Limpeza e recollida de residuos orgánicos e inorgánicos nas praias.

-Vixiar e controlar o bo estado do mobiliario público dando conta ao seu responsable de calquera incidencia que poida existir.

-Realizar operacións de carga e descarga de material, cando proceda.

-Coidar do perfecto estado da maquinaria e das ferramentas que se precisan para realizar o seu cometido.

-Realizar calquera outra función propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento do servizo adscrito.

No caso de non estar entre as 30 primeiras persoas coa maior puntuación da fase de concurso, engadirase directamente a estas listas, dúas persoas con diversidade funcional.

(No suposto de que entre as persoas que superen a proba práctica de peón, non se atope ningunha persoa con diversidade funcional, estes postos pasarán aos da quenda xeral).

## SEGUNDA- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES:

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para ser admitidas na presente convocatoria:



CONCELLO DE REDONDELA

-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non alcanzar a idade de xubilación regulamentaria.

-Ser español/a. As/os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea e as persoas estranxeiras residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións que as/os españolas/españois a aqueles sectores da función pública aos que segundo o Dereito Comunitario sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as. Deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para todas as persoas aspirantes, mediante tarxeta acreditativa orixinal ou fotocopia, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.

-Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que inhabilite para o desenvolvemento normal das funcións que son obxecto do presente contrato.

-Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

-Non atoparse incurso/a en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

**-As persoas aspirantes aos postos de capataces deberán estar en posesión do título de Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.**

**-As persoas aspirantes que se presenten para os postos de Capataz deberán estar en posesión do carné de conducir clase B, que deberá estar en vigor.**

#### TERCEIRA- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

As persoas que desexen participar neste proceso selectivo deberán presentar unha instancia cuxo modelo se facilitará no rexistro xeral do concello, na sede electrónica e na páxina web do concello ([www.redondela.gal](http://www.redondela.gal)) e será dirixida ao alcalde, con independencia de que se admitirá calquera outro modelo no que consten os datos do/a



CONCELLO DE REDONDELA

solicitante, DNI, domicilio, teléfono de contacto e enderezo electrónico, **indicando expresamente en que proceso/s están interesados/as en participar.**

A presentación de solicitudes poderá facerse no rexistro xeral do Concello de Redondela ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no **prazo de 8 días hábiles**, a partir da publicación destas bases no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do Concello ([www.redondela.gal](http://www.redondela.gal)), no apartado de emprego público, persoal laboral temporal. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo/a funcionario/a de Correos antes de seren certificadas.

No caso de non presentar a instancia no rexistro do Concello, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: [persoal@redondela.gal](mailto:persoal@redondela.gal), e con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da instancia na que conste o rexistro de entrada e a documentación que achega para os efectos de que poida ser incluída na relación de persoas admitidas.

No caso de que se presente a instancia a través da sede electrónica deste concello, por razóns de eficiencia, axilidade e seguridade na tramitación do procedemento, a documentación adxunta á solicitude deberá subirse nun único documento ou de ser tecnicamente imposible, debe realizarse no menor número de documentos posibles ou nun arquivo comprimido. Todos os documentos deberán ter un título que facilite a súa identificación.

As persoas aspirantes con diversidade funcional que precisen adaptación de tempo e medios para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria, deberán indicalo na súa solicitude e acreditar a citada diversidade funcional.

O feito de presentar a solicitude de participación implica que a persoa interesada manifesta reunir todas e cada unha das condicións esixidas na convocatoria, na data na que remate o prazo para a presentación de instancias.

Coa presentación da instancia entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan as bases desta convocatoria para tomar parte no proceso selectivo.



Por razóns de eficiencia e axilidade na tramitación do procedemento, a documentación só se compulsará ás persoas que sexan propostas polo tribunal para a contratación, as cales deberán achegar a documentación orixinal no intre en que llelo solicite o Concello.

Coa instancia, as persoas aspirantes achegarán a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns/ás comunitarios/as.
- Fotocopia da titulación requirida, no seu caso. Acreditarase mediante fotocopia do título ou, no seu caso, do resguardo de ter efectuado o depósito para obtelo ou certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.
- Fotocopia do carné de conducir, no seu caso (O carné de conducir deberá estar en vigor)
- Fotocopia dos documentos acreditativos dos méritos que se alegan.
- Fotocopia do certificado que acredite a diversidade funcional, no seu caso.

#### CUARTA-RELACIÓN DE PERSOAS ADMITIDAS E DE EXCLUÍDAS:

Tras finalizar o prazo de presentación de solicitudes, o alcalde ditará unha resolución, pola cal declarará aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, xunto coa causa da súa exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do Concello.

As persoas aspirantes excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar requirida polo tribunal, no prazo de 2 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación da dita relación.

Estas enmendas non serán aplicables respecto dos méritos alegados pero non achegados nin dos requisitos establecidos.

No caso de presentar a subsanación fóra do Concello, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: [persoal@redondela.gal](mailto:persoal@redondela.gal), unha copia da alegación rexistrada con anterioridade ao remate do prazo xunto coa documentación que achegue.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións.



CONCELLO DE REDONDELA

De haber reclamacións e resultas estas, o alcalde aprobará a lista definitiva que se exporará no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do Concello .

Na mesma resolución fixarase o tribunal cualificador e a data e a hora de realización da fase de concurso.

#### QUINTA-ÓRGANO DE SELECCIÓN:

O proceso selectivo será xulgado por un órgano de selección que estará integrado por 5 membros nomeados polo alcalde, dos que se poderán designar suplentes.

A composición do Tribunal tenderá á paridade caso de que sexa posible entre mulleres e homes.

Todos os membros do tribunal cualificador terán unha titulación ou especialización igual ou superior á praza convocada:

**-Presidente/a:** Un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello.

**-3 Vogais:** 3 funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello.

**-Secretario/a:** Un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo, con voz e voto.

O tribunal cualificador deberá constituírse na data se que designe, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros do tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas. As decisións adoptaranse por maioría de votos, resolvendo os empates co voto de calidade do/a presidente/a do Tribunal.

En cada sesión do Tribunal poderán participar os membros titulares presentes no momento da súa constitución, e se están ausentes, os suplentes, sen que poidan substituírse entre si na mesma sesión.

A partir da sesión constitutiva, o tribunal requirirá, para actuar validamente, a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes. Se o tribunal se constituíse cun/ha suplente, isto non implica que o/a titular non poida incorporarse a este con posterioridade. O tribunal axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e ás bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria.



Non obstante, o Tribunal resolverá as dúbidas que poidan xurdir da aplicación das bases, puidendo tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases sempre respectando a lexislación vixente nesta materia.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Alcalde a concorrencia neles dalgunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido no artigo 24, da citada lei.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do/a interesado/a, deberá propoñerlle ao/á presidente/a a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

**SEXTA- SISTEMA DE SELECCIÓN:**

**2 CAPATACES:**

**A) Fase de concurso:** Nela valoraranse os seguintes méritos:

a) Por ter realizado funcións similares ás do posto convocado nas administracións públicas: 0,20 puntos por mes.

A puntuación máxima por este apartado será de **2 puntos**.

(Os servizos prestados na Administración Pública acreditaranse mediante copia do certificado orixinal dos servizos prestados, con especificación do posto de traballo que desempeñou, o cómputo total de días, meses e anos traballados e as tarefas realizadas, expedido pola administración pública competente).

b) Titulacións académicas:

Soamente se valorarán titulacións específicas, de carácter medio ambiental (non as xerais como ESO, Bacharelato, etc.) que a xuízo do tribunal teñan relación co traballo a desenvolver e do seguinte xeito:



-Grado Superior F.P. ou equivalente (incluíndo as titulacións universitarias específicas na materia medioambiental): 0,75 puntos.

-Grado Medio F. P. ou equivalente: 0,50 puntos.

(Acreditarase achegando orixinal ou fotocopia do título académico)

No caso de posuír titulación superior e media na mesma especialidade só se puntuará a superior.

A puntuación máxima por este apartado será de **2 puntos**.

c) Por posuír o carné de conducir de clase C1: **0,60 puntos**.

### **B) Proba práctica:**

As persoas aspirantes que acaden os **10 primeiros postos na fase do concurso**, realizarán unha proba práctica relacionada coas funcións propias do posto indicadas no apartado primeiro desas bases, que poderá incluír tamén o manexo dun vehículo especial.

Os criterios xerais de valoración da proba publicaranse con antelación á realización desta.

A puntuación será de 0 a 10 puntos, debendo acadar unha puntuación mínima de 5 puntos, quedando eliminadas do proceso as persoas que non alcancen esta puntuación.

No caso de que non quedasen aspirantes suficientes para cubrir estas dúas prazas, poderase realizar a proba aos/ás aspirantes que ocupasen os seguintes 10 primeiros postos na fase de concurso.

A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabética a partir da letra Q.

As persoas aspirantes serán convocadas en chamamento único, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas polo Tribunal con absoluta liberdade de criterio e deberán ir provistas do DNI, carné de conducir ou pasaporte.

Con carácter xeral, a non presentación dun/ha aspirante à proba práctica no momento de ser chamado/a determinará automaticamente o decaemento dos seus dereitos a participar nel, quedando excluído/a do procedemento selectivo.





A orde de clasificación definitiva das persoas aspirantes será o resultado de sumar as puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición ponderando as cualificacións obtidas na proporción dun 40% para a fase de concurso e dun 60% para a fase de oposición.

**11 PEÓNS DE LIMPEZA (2 postos reservados a persoas con diversidade funcional):**

**A) Fase de concurso.** Nela valoraranse os seguintes méritos:

a) Por ter realizado funcións similares ás do posto convocado nas administracións públicas: 0,20 puntos por mes.

A puntuación máxima por este apartado será de **2 puntos**.

(Os servizos prestados na Administración Pública acreditaranse mediante copia do certificado orixinal dos servizos prestados, con especificación do posto de traballo que desempeñou, o cómputo total de días, meses e anos traballados e as tarefas realizadas, expedido pola administración pública competente).

b) Titulacións académicas:

Soamente se valorarán titulacións específicas, de carácter medio ambiental (non as xerais como ESO, Bacharelato, etc.) que a xuízo do tribunal teñan relación co traballo a desenvolver e do seguinte xeito:

-Grado Superior F.P. ou equivalente (incluíndo as titulacións universitarias específicas na materia medioambiental): 0,75 puntos.

-Grado Medio F. P. ou equivalente: 0,50 puntos.

(Acreditarase achegando orixinal ou fotocopia do título académico) No caso de posuír titulación superior e media na mesma especialidade só se puntuará a superior.

A puntuación máxima por este apartado será de **2 puntos**.

c) Por posuír o carné de conducir de clase B: **0,20 puntos**.

d) Por posuír o carné de conducir de clase C1: **0,40 puntos**.



## **B) Proba práctica:**

As persoas aspirantes que acaden os **30 primeiros postos na fase do concurso**, realizarán unha proba práctica relacionada coas funcións propias do posto indicadas no apartado primeiro desas bases, que poderá incluír tamén o manexo dun vehículo especial.

Os criterios xerais de valoración da proba publicaranse con antelación á realización desta.

A puntuación será de 0 a 10 puntos, debendo acadar unha puntuación mínima de 5 puntos, quedando eliminadas do proceso as persoas que non alcancen esta puntuación.

No caso de que non quedasen aspirantes suficientes para cubrir estas prazas, poderase realizar a proba aos/ás aspirantes que ocupasen os seguintes 10 primeiros postos na fase de concurso.

A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabética a partir da letra Q.

As persoas aspirantes serán convocadas en chamamento único, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas polo Tribunal con absoluta liberdade de criterio e deberán ir provistas do DNI, carné de conducir ou pasaporte.

Con carácter xeral, a non presentación dun/ha aspirante à proba práctica no momento de ser chamado/a determinará automaticamente o decaemento dos seus dereitos a participar nel, quedando excluído/a do procedemento selectivo.

A orde de clasificación definitiva das persoas aspirantes será o resultado de sumar as puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición ponderando as cualificacións obtidas na proporción dun 40% para a fase de concurso e dun 60% para a fase de oposición.

SÉTIMA- Tras rematar a cualificación, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do Concello, a relación das persoas seleccionadas por orde da puntuación obtida. No caso de empate resolverase a favor dos/as aspirantes que obtiveran máis puntuación na proba práctica.



Así mesmo elevará a dita relación ao alcalde, xunto coa acta da sesión, na que se propondrá a contratación das persoas seleccionadas e elaborará unha relación de reservas por orde da puntuación obtida por se fose necesario realizar novas contratacións, cubrir algunha baixa ou renuncia das persoas seleccionadas.

As persoas seleccionadas presentarán, no prazo máximo de 4 días naturais, informe médico no que se faga constar que reúnen as condicións físicas e sanitarias necesarias para o desenvolvemento das tarefas obxecto da convocatoria, cunha antigüidade máxima de 3 meses. Así mesmo presentarán fotocopias do DNI, carné de conducir, tarxeta da Seguridade Social e certificación bancaria, segundo o modelo que lles achegará o Concello.

#### OITAVA-FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS:

Tras rematar o proceso selectivo e expirado o prazo de presentación de documentación, o alcalde, de acordo coa proposta do tribunal cualificador, procederá a formalizar os correspondentes contratos de traballo coas persoas seleccionadas, as cales deberán incorporarse ao seu posto de traballo no prazo máximo de dous días naturais dende que sexan requiridas para elo.

#### NOVENA-PAZOS:

Se o día de finalización dalgún prazo ou actuación obrigada destas bases fose festivo, pasarase ao seguinte día hábil.

#### DÉCIMA- NORMAS DE APLICACIÓN:

Para o non previsto nestas bases estarase ao establecido no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia (LEG), Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De xeito supletorio e para resolver dúbidas aplicaránse as Bases Xerais publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*, núm.: 50, do 13/03/2015 e no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*, núm.: 77, do 22/04/2016.



CONCELLO DE REDONDELA

A convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven desta, así como das actuacións do Tribunal, poderán ser impugnadas polas persoas interesadas, nos casos e forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Contra as presentes bases, que son definitivas en vía administrativa, poderá interpoñerse alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou o acto ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria na páxina web, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do concello.

Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdición contencioso-administrativo, o réxime xurídico dos contratos será o da lexislación laboral, correspondendo aos xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento destes.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE